

CAMARGO, J. (2013) *Que se lixe a troika!*

Porto, Deriva Editores, 159 pp.

Xosé Manuel Carril Vázquez

Profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

1. Dirixente dos Precários Inflexíveis: Associação de Combate à Precariedade e unha das persoas organizadoras das manifestacións do 15 de setembro de 2012 («Que se lixe a *troika*, queremos as nossas vidas!») e do 2 de marzo de 2013 («Que se lixe, o povo é quem mais ordena») –as máis concorridas das últimas décadas en Portugal–, o autor sinala no libro de que se fai a recensión que «nunca houve maior poder que o poder de mudar o significado das palabras», porque «a propiedade do significado das palabras permite mudar a percepción pública dentro das sociedades, na chamada opinión pública... Mudanzas que inclusivamente poden ser desligadas ou contrárias á realidade», até o punto de que «quanto mais desiguais forem as condicións sociais e económicas numa sociedade, maior é a forza e a possibilidade de se conseguir mudar com sucesso o significado das palabras».

2. Sen dúbida, un dos grandes éxitos desta etapa de esplendor dos valores fundamentalistas do mercado é o de popularizar expresións moi diversas no noso vocabulario cotián, aparentemente neutrais mais cunha forte carga ideolóxica na súa utilización, porque teñen como fin facer natural a efectiva materialización dos dogmas neoliberais. Así se evidenciou na lexislación laboral, cuxa teórica finalidade equilibradora entre partes desiguais cambiou pola proxección sobre ela de principios economicistas que fixeron populares expresións tales como «mercado de traballo», «competitividade», «flexibilización», «adaptabilidade» ou «flexiseguridade», e propiciaron reformas laborais que tiveron entre outros resultados a razoabilidade da «desregulación» e da «regresividade» nas condicións laborais das persoas que traballan. Tamén se evidenciou no ámbito da Seguridade Social, moi impregnado de expresións tales como «sustentabilidade financeira», «sustentabilidade do custo financeiro do sistema de pensións», «consolidación e estabilidade orzamentaria» ou «sistema de seguridade social financeiramente estable e sólido», cuxas últimas reformas se pretenderon xustificar, en principio, como convenientes para garantir a viabilidade da Seguridade Social.

3. Neste feixe de expresións teoricamente inocuas tamén cobrou forza a «austeridade», ora ben, como sinónimoedulcorante alternativo –neste contexto de ataques descarados ao público coa coartada dunha crise que non ten a súa causa no público– ao uso da palabra «recorte», porque se chama austeridade, en realidade, ao que con certeza son recortes do sistema de benestar social entendido nun sentido amplo (sanidade, educación, emprego, acceso á vivenda, igualdade de xénero e protección social pública).

En efecto, xa é un hábito no discurso o recurso á austeridade no gasto público como pretendida vacina que evitará o mal posterior dos recortes nos servizos públicos, con axustes no seu financiamento para aumentar a súa eficacia e corruxir o desbaldimento dos cartos, a pesar de que tales axustes –necesarios para salvar o público, adoita afirmarse– levan implícitos recortes tanto na calidade como nos niveis de protección social dos servizos públicos. Para alén disto, o recurso á austeridade supón un ataque á soberanía e ao dereito a decidir das persoas e dos pobos, que se agrava moito no caso das nacións sen estado e sen soberanía como Galiza. Xogando coa súa etimoloxía e as súas tradicionais acepcións, materializouse o risco de que o austero –dise do reducido ao necesario e apartado do superfluo– implicase tratar do punto de vista económico, como xa se está tratando cos recortes, o conxunto diverso de prestacións sociais como algo superfluo, decorativo ou pracenteiro, coa finalidade –e seguimos xogando coa etimoloxía da palabra– de axustarse «con rigor ás normas do moral», obviamente neoliberal neste caso.

4. Esta fórmula de adoutramento empregada sutilmente para que non se cuestione nada –que algúns denominan escravitude mental– ten como único propósito xustificar políticas que debilitan as medidas relacionadas co estado de benestar e reducen o poder das persoas e dos pobos. E sobre isto repara maxistralmente João Camargo no seu libro, en que indica que o poder da austeridade –o que el denomina en máis dunha ocasión «régime austeritário»– funciona porque é bo para unha minoría representada polos bancos e as institucións financeiras, mais terrible para os pobos e para as maiorías sociais. Por iso, é unha constante no autor evidenciar a «incompatibilidade crescente entre o regime austeritário e a democracia» e sinalar que a decisión entre a *troika* e a austeridade, por un lado, e a dignidade e a democracia, polo outro, é a escolla principal que deben facer as persoas e os pobos no ámbito global, mais tamén no ámbito nacional, en cada casa, en cada rúa e en cada centro de traballo.

5. Os cambios non só se producen no emprego das palabras, senón tamén nos valores e principios a respecto da solución das desigualdades e do empobrecemento

que o modelo económico actual ocasiona. Así, converter no demo os valores e as institucións da clase traballadora a respecto do público – solidariedade, axuda mutua, colectivización, socialización e democracia, entre outros– tivo como consecuencia o triunfo do ideario individualista e da mercantilización da vida, isto é, a liberdade económica do privado, de modo que cada persoa corre cos seus propios riscos e é a única responsable do que lle puider pasar, e de modo tamén que os problemas das clases traballadoras son consecuencia da súa conduta persoal e non da estrutura social e económica da sociedade en que viven.

De feito, problemas sociais como a pobreza, o desemprego ou a falta de vivenda, que noutro tempo se consideraban inxustizas derivadas dos fallos internos do capitalismo, os cales debían ser abordados desde as institucións públicas, trátanse agora como consecuencias do comportamento persoal, defectos individuais, falta de ambición e mesmo resultado dunha opción individual voluntaria, e non froito dunha sociedade profundamente desigual e organizada no económico a favor duns poucos. Esta nova mentalidade, sobre a que tamén repara João Camargo no seu libro, ten consecuencias políticas claras: se pensas que a pobreza e o desemprego son defectos persoais e non problemas sociais, daquela, por que ter un estado de benestar, dado que os excluídos (os ninguén) están así polos seus defectos persoais e porque son uns parasitos?

6. En fin, este progresivo desmantelamento do público, da solidariedade organizada –en que non hai ánimo de lucro e as persoas teñen a consideración de usuarias dun servizo público–, co correlativo medre do sector privado –en que se buscan beneficios e as persoas teñen a consideración de clientes que financian un negocio–, provoca o que o profesor Boaventura de Sousa Santos chamaba no ano 2011 «asfixia social». É o propio «intelectual da retaguarda» quen prologa o libro do João Camargo e apunta que «este libro, sendo objetivo, não é neutro», «mostra a necesidade e a urxencia da revolta contra o actual estado de coisas», e que xorde da «convicção profunda de que é possível transformar-se em realidade, ou seja, de que é possível lixar a *troika*». Por iso conclúe o prefacio coa indicación de que «este libro é para ler e para levar à prática o que nele se lê como projeto».

7. Aquelas persoas que vivimos nunha parte do mundo chamada Galiza e que acreditamos na soberanía dos pobos, no internacionalismo e nas relacións de irmandade con Portugal e cos países de fala portuguesa, teremos coa lectura deste libro a oportunidade de ver o traballo dos evanxelistas da economía capitalista, o traballo da *troika* –isto é, o Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo e a Comisión Europea– como tribunal de inquisición que garante a aplicación dos dogmas de fe da austeridade contra a lóxica e o ben común, e a

asfixia social que padece Portugal como consecuencia do traballo dos *troikistas*. Mais tamén poderemos ver como as maiorías sociais de Portugal non abdican das súas vidas nin aturan máis roubos e agresións, senón que toman con orgullo e dignidade as rúas co canto da *Grândola, vila morena* como himno das protestas. Pódese comprobar a través das cinco partes en que aparece formalmente dividida a obra, relativas á *troika* (parte 1), á austeridade (parte 2), á manifestación do 15 de setembro de 2012 «Que se lixe a *troika*, queremos as nossas vidas!» (parte 3), á organización da manifestación do 2 de marzo de 2013 «Que se lixe, o povo é quem mais ordena» (parte 4) e, por último, a unha cita bibliográfica dos movementos revolucionarios ocorridos por toda Europa durante o ano 1848, realmente suxestiva, vizosa e cargada de futuro (parte 5).

8. En fin, aquelas persoas que se sintan galegas e galegos dunha nación sen soberanía, coa lectura deste libro poderán recoñecerse como tales en moitas das súas páxinas, por causa dos males que padecemos pola nosa posición en España e na Unión Europea. De entre todas estas páxinas, abonda rematar con aquela en que o autor –citando o investigador mozambicano Carlos Castel-Branco– fala da economía extractiva que se lles aplica aos países empobrecidos. Sobre ela di João Camargo que é a «dinâmica económica e social que transforma a gestão dos países em algo similar à gestão de uma indústria extrativa –como uma mina– de onde a abertura, equivalente à desregulação comercial, aduaneira e financeira, leva à saída constante das matérias primas e serviços, sem qualquer espécie de benefício para o país ou entrada de algo relevante em contrapartida pelas saídas, transformando os povos, os seus recursos naturais e o seu trabalho num local de extração barata».